

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A ADXUDICACIÓN, POR PROCEDIMENTO ABERTO, CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN, E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRO E OBRA, PARA A SINALIZACIÓN DO NÚCLEO URBANO DE ARZÚA E OUTRAS PARROQUIAS

1. OBXECTO DO CONTRATO.

1.1.- É obxecto deste contrato o subministro e colocación de sinais de indicación na capitalidade do municipio e de colocación e indicación/orientación en diversas parroquias; cuxa descrición, características e especificacións establécense no prego de prescricións técnicas.

1.2.- CPV-2008: 44423400-5

1.3.- Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato: conseguir unha correcta sinalización do casco urbano e dos núcleos rurais, mellorando a sinalización actual, que resultaba incompleta e de moi diversa tipoloxía.

2. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

A Xunta de Goberno Local, en virtude de Decreto de delegación de competencias de 11 de xullo de 2011, para contratacións de toda clase, cando o seu importe non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, incluídas as de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio.

3. NATUREZA XURÍDICA.

O presente contrato ten natureza administrativa de conformidade co disposto no artigo 19.1.a) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos del Sector Público (en diante, TRLCSP); e cualifícase como contrato mixto de subministro e obra, conforme ao disposto nos artigos 9.1 e 12 da devandita norma, tendo en conta que si ben o seu obxecto principal é a adquisición de produtos ou bens, tamén contén prestacións accesorias típicas do contrato de obras, cales son as obras complementarias necesarias para a montaxe e instalación das sinais.

4. RÉXIME XURÍDICO.

4.1.- O seu réxime xurídico será o previsto para o contrato de subministro, por ser a prestación que constitúe o seu obxecto a mais importante desde o punto de vista económico.

4.2.- Sen prexuízo do disposto con carácter xeral no artigo 19.2 da TRLCSP e para os contratos das Corporacións Locais, o contrato rexeráse por:

- o presente prego de cláusulas administrativas particulares
- o prego de prescricións técnicas
- o Texto Refundido da Lei de Contratos del Sector Público

- o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, no que non se opoña ao TRRLCSP
- o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público
- supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as de dereito privado

5. ORZAMENTO DE LICITACIÓN, PREZO DO CONTRATO, SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO E REVISIÓN.

5.1.- O orzamento de licitación é de **119.475,74 €**, mais **25.089,91 €** que corresponden ao 21 % de IVE, o que supón un total de **144.565,65 €**.

O valor estimado do contrato é de **119.475,74 €**.

5.2.- No prezo do contrato consideraranse incluídos os demais tributos, taxas e canons de calquera índole, que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para a adxudicataria como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no presente prego.

5.3.- O sistema de determinación do prezo fíxose a tanto alzado, de conformidade co disposto no artigo 302 do TRRLCSP.

5.4.- Revisión de prezos: Non procede.

6. APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

Para atender ás obrigas económicas que se derivan para a administración do cumprimento do contrato, existe crédito suficiente no orzamento con cargo á aplicación **453.609.00**.

7. PROCEDEMENTO, TRAMITACIÓN E FORMA DE ADXUDICACIÓN.

7.1.- O contrato adxudicarase polo procedemento aberto ao abeiro do previsto nos artigos 138 e 157 a 161 da TRRLCSP.

7.2.- A súa tramitación será ordinaria.

7.3.- A forma de adxudicación será a da oferta economicamente mais vantaxosa, atendendo a varios criterios de adxudicación.

8. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

8.1.- Poderán tomar parte na licitación as persoas naturais ou xurídicas españolas ou estranxeiras que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas nunha prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Os empresarios deberán contar así mesmo coa habilitación empresarial e profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

As persoas xurídicas so poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, segundo os seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

8.2.- Respecto das empresas non españolas de Estados membros da Comunidade Europea estarase ao disposto nos artigos 58, 66.1, 61.2, 72.2 e 84 do TRLCSP e no artigo 9 do Regulamento Xeral do TRLCAP.

Respecto das empresas estranxeiras non comunitarias estarase ao disposto no artigo 55 e 72.3 do TRLCSP e no artigo 10 Regulamento Xeral do TRLCAP.

En canto ás unións de empresarios estarase ao disposto nos artigos 59 e 67.5 do TRLCSP e no 24 e 52 do Regulamento Xeral.

9. GARANTÍAS.

9.1.- Provisional: Non se esixe.

9.2.- Definitiva: O licitador que presente a oferta economicamente mais vantaxosa deberá prestar unha garantía do 5% do importe da adxudicación do contrato, sen incluír o IVE.

10. ANUNCIO E PERFIL DE CONTRATANTE.

10.1.- O procedemento aberto a que se refire o presente prego anunciarase no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia e no perfil de contratante.

10.2.- Perfil do contratante: Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á actividade contractual, os interesados poderán consultar a información referente á licitación aberta a través de internet na seguinte páxina web: www.concellodearzu.org

11. OFERTAS.

11.1.- Presentación.

As ofertas dos interesados deberán axustarse ao previsto nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, e a súa presentación suporá a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade de ditas cláusulas ou condicións, así como do prego de prescricións técnicas, sen salvedade ou reserva algunha.

Cada licitador non poderá presentar mais dunha oferta. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros si o fixo individualmente ou figurar en mais dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

11.2.- Lugar e prazo de presentación.

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no rexistro xeral do Concello, dentro do prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no último dos boletíns en que apareza (DOGA ou BOP), en horas de nove a catorce e en tres sobres pechados, que poderán ser lacrados e precintados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula 11.3.

Cando se utilice o sistema de envío por correo, a presentación de proposicións poderá realizarse a calquera hora do último día de prazo. Neste caso o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos (será requisito indispensable que se

trate dunha oficina de correos prestadora do Servizo Postal Universal) e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax (981 500 914) ou telegrama en calquera momento antes de expirar o día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo devandito órgano de contratación con posterioridade á data na que remata o prazo para presentar as solicitudes. Transcorridos os 10 días naturais seguintes á indicada data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Naqueles supostos nos que o último día para a presentación de proposicións coincida en domingo ou festivo, o prazo para a presentación de proposicións rematará o primeiro día hábil seguinte.

Toda a documentación presentárase en calquera dos dous idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia.

11.3.- Documentación.

Os documentos que se acompañen ás proposicións deberán de ser orixinais ou fotocopias compulsadas cos seus orixinais.

Os licitadores que desexen tomar parte neste procedemento presentarán tres sobres: **SOBRE A** (documentación xeral), **SOBRE B** (documentación avaliable en función dun xuízo de valor) e **SOBRE C** (documentación avaliable de forma automática por aplicación de fórmulas) acompañándoos dos documentos prescritos nos artigos 145 e 146 do TRLCSP e que se relacionan nas cláusulas 11.3.1, 11.3.2 e 11.3.3 do presente prego.

Os aludidos sobres presentáranse do seguinte xeito:

- Asinados polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade que asina toda a documentación.
- Con indicación do nome e apelidos do licitador ou, se é o caso, denominación social, teléfono, fax, enderezo e correo electrónico.
- Debidamente pechados (poderán estar lacrados), de tal xeito que se garanta que permanezan nese estado ata a data da súa apertura.
- E ademais, os licitadores que se atopen inscritos nun Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas deberán facer constar o número de inscrición no sobre A (por fóra).

As indicacións de **SOBRE A**, **SOBRE B** e **SOBRE C** respectivamente, deberán figurar na parte superior de cada un deles, e nos seus centros constará a lenda:

"Proposición para tomar parte na contratación do servizo: (deberase indicar neste espacio a denominación do contrato)".

11.3.1.- Sobre A: Subtitulado "Documentación xeral".

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

Conterá a seguinte documentación:

1.- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos de personalidade xurídica do empresario:

a) Empresario individual: fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa.

b) Persoas xurídicas: será obrigatoria a presentación de copia auténtica ou compulsada do Código de Identificación Fiscal e da escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

c) Empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo: a capacidade de obrar acreditarase pola súa inscrición nos rexistros procedentes de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, que se indican no Anexo I do RXLCAP. Cando a lexislación do Estado no que estean establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.

d) Empresas non comunitarias: deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa, no que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

Ademais, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente Española que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 do TRLCSP en forma substancialmente análoga.

2.- Documentación que acredite a representación de quen asina a proposición en nome de outro:

a) DNI do asinante ou documento que regulamentariamente o substitúa.

b) Si o representado fose unha persoa física, escritura de poder notarial outorgada.

c) Si o representado fose unha persoa xurídica, escritura de constitución, ou de modificación de acordos sociais, inscritas no Rexistro Público correspondente, nas que figuren os particulares dos estatutos ou acordos sociais dos que se deduza a devandita representación. Se esta non resultase unicamente deles, presentárase, ademais, escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no rexistro Mercantil, ou no seu caso, no rexistro público que corresponda.

d) Dilixencia de bastanteo de poderes expedida polo Secretario da Corporación ou funcionario habilitado do Concello, que valore como suficiente a documentación anterior para que o asinante poda actuar en representación do licitador. **Xunto coa dilixencia de bastanteo deberá de presentarse o recibo acreditativo do pago da taxa correspondente.**

3.- Declaración responsable de que a empresa interesada non está incursoa en ningunha das prohibicións para contratar establecidas no artigo 60 do TRLCSP; conforme ao modelo que figura como ANEXO III.

Dita declaración comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social impostas polas disposicións vixentes.

Exención de presentar a documentación relacionada nos apartados 1, 2 e 3 desta cláusula sempre que o licitador se atope inscrito no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, ou no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, ou no Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación da Coruña, tendo en conta o seguinte:

- O adxudicatario presentará a correspondente certificación onde se recollan os puntos a que se refire o art. 328 do TRLCSP, en cuxo caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios a fin de verificar ou comprobar a súa exactitude ou vixencia.
- O adxudicatario que con carácter voluntario figure inscrito no Rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañará unha copia do informe relativo aos datos inscritos e en consecuencia quedará dispensado de presentar os documentos referidos, sempre que os citados informes estean vixentes (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP Núm. 64 con data do 20 de marzo de 1998).

En todo caso o licitador deberá presentar unha declaración responsable sobre a vixencia dos datos anotados no Rexistro de Licitadores, segundo o modelo que figura como ANEXO VI ao presente prego. Si se tivese producido alteración dos datos rexistrados farase mención expresa na citada declaración, unindo a documentación correspondente.

4.- Clasificación do contratista: Para ser adxudicatario do presente contrato non é preciso estar en posesión da clasificación empresarial, sen prexuízo de acreditar a correspondente solvencia económica, financeira e técnica, polos medios relacionados no apartado seguinte.

5.- Acreditación da solvencia: Nos casos en que non sexa necesaria a clasificación, a solvencia económica e financeira e técnica e profesional do empresario, deberá acreditarse:

a) Solvencia económica e financeira: a través de algún ou varios dos medios relacionados no artigo 75 do TRLCSP.

b) A solvencia técnica ou profesional deberá acreditarse mediante:

- a indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que se dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade, e
- mostras, descrições e fotografías dos produtos a subministrar, cuxa autenticidade poda certificarse a petición da entidade do sector público contratante

6.- Unións temporais de empresas: No caso de que o licitador fose unha unión temporal de empresarios (UTE), deberán achegar ademais un documento privado no que indiquen o nome e circunstancias dos que a constitúen e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato. Este documento deberá ir asinado polo representante de cada unha das empresas e nel deberá designarse a persoa que durante a tramitación do procedemento de contratación e ata a adxudicación do contrato ostentará a representación de todos eles fronte á Administración.

7.- Declaración de empresas vinculadas: no caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 do TRLCSP, presentarse necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o

nome ou a súa denominación social, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorrán á licitación.

8.- No seu caso, autorización para cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social en procedementos de contratación. Axustarase ao modelo establecido no **ANEXO IV**.

9.- No seu caso, autorización para cesión de información relativa a inexistencia de débedas pendentes co Concello de Arzúa. Axustarase ao modelo establecido no **ANEXO V**.

10.- No seu caso, unha dirección de correo electrónico en que efectuar as notificacións.

11.3.2.- Sobre B: Subtitulado "documentación avaliable en función dun xuízo de valor".

Conterá a documentación relativa a aqueles criterios cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor e que se relacionan na cláusula 12.1 do prego; en concreto:

- Programa detallado de traballo
- Programa detallado de actuación medioambiental
- Medios técnicos e materiais adscritos á realización dos traballos

Conterá aqueles outros documentos que se esixan no prego de prescricións técnicas (no seu caso); e os que se consideren precisos para o mellor entendemento do contido da súa proposta, de conformidade co establecido cos criterios de valoración e adxudicación establecidos na cláusula 12.1.

11.3.3.- Sobre C: Subtitulado "documentación avaliable de forma automática por aplicación de fórmulas".

Conterá a documentación relativa a aqueles criterios cuantificables de forma automática por aplicación de fórmulas e que se relacionan na cláusula 12.2 do prego; en concreto:

- Oferta económica formulada estrictamente conforme ao modelo que figura como **ANEXO II** deste prego
- Instalación de sinais ofertadas a maiores das especificadas en proxecto

12. CRITERIOS DE VALORACIÓN E ADXUDICACIÓN.

Os criterios para a adxudicación do procedemento aberto con multiplicidade de criterios son os seguintes:

12.1. Criterios de valoración avaliables mediante xuízos de valor:

a) Programa detallado de traballo:.....ata 15 puntos

As empresas deberán presentar un programa de traballo que considere o desenvolvemento das distintas unidades a realizar. Deberá incluír:

1. Unha memoria explicativa e detallada da forma e orde de execución das unidades de obra, que reflecta a continuidade e coordinación dos traballos dos distintos oficios que interveñen, así como a definición da calidade de materiais, sistemas construtivos e instalacións que o contratista se compromete a empregar na obra.

2. Un gráfico da execución das distintas unidades de obra, en forma de diagrama de Gantt ou de barras, no que figure o presuposto mensual por contrata a prezos de proxecto (analizado en días naturais), axustado ás anualidades previstas, se é o caso, nas condicións de licitación. Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do presuposto de licitación, supoñerá a non admisión da oferta.

3. Descrición fotográfica ou en vídeo da obra: Describírase a forma en que se documentará fotográficamente ou en vídeo o desenvolvemento e evolución das obras. A devandita documentación entregárase á Administración na data da Acta de Recepción.

O programa axustarase ás características, natureza e importe da obra.

As empresas que presenten un plan de traballo específico e adaptado a este servizo, valoraranse de 7,6 a 15 puntos.

As empresas que presenten un plan de traballo xenérico e pouco adaptado a este servizo valoraranse de 0,1 a 7,5 puntos.

As empresas que presenten un plan de traballo non adaptado a este servizo valoraranse con 0 puntos.

b) Programa detallado de actuación mediambiental:.....ata 10 puntos

Medidas específicas de protección ambiental que se aplicarán na execución da obra e en especial:

- reciclaxe, reutilización e recuperación de materiais
- rexeneración de espazos
- indicación de vertedoiros autorizados onde se van trasladar os materiais usados, excedentes ou procedentes de demolición ou derrubamentos.
- compromiso de achegar, no seu momento, a documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na obra foron xestionados, segundo o disposto no art.º 4.c do R.D. 105/2008.

As empresas que presenten un programa de protección medioambiental específico e adaptado a este servizo, valoraranse de 5,1 a 10 puntos.

As empresas que presenten un programa de protección medioambiental xenérico e pouco adaptado a este servizo valoraranse de 0,1 a 5 puntos.

As empresas que presenten un programa de protección medioambiental non adaptado a este servizo valoraranse con 0 puntos.

c) Medios técnicos e materiais adscritos á realización dos traballos:.....ata 10 puntos

As empresas que presenten uns medios técnicos e materiais específicos e adaptados ao servizo, valoraranse de 5,1 a 10 puntos.

As empresas que presenten uns medios técnicos e materiais xenéricos e pouco adaptados ao servizo, valoraranse de 0,1 a 5 puntos.

As empresas que presenten uns medios técnicos e materiais non adaptados ao servizo, valoraranse con 0 puntos.

12.2. Criterios de valoración avaliados de forma automática mediante aplicación de fórmulas:

d) Instalación de sinais ofertadas a maiores das especificadas en proxecto:.....ata 40 puntos

A valoración das sinais instaladas a maiores realizarase partindo da valoración económica que das mesmas dean os ofertantes, das incluídas en proxecto, dependendo do tipo de sinal ofertado, supervisadas polos técnicos municipais, podendo ser corrixida segundo criterios técnicos a prezos de proxecto.

Corresponderá a máxima puntuación (40 puntos) á oferta que represente o maior valor económico, distribuíndose a puntuación ás restantes de forma proporcional mediante unha regra de tres simple directa.

A instalación de sinais ofertadas a maiores polas empresas licitadoras terá valor contractual e en ningún caso a súa execución suporá un custe para o Concello de Arzúa.

e) Oferta económica:.....ata 25 puntos

Quen presente a mellor oferta en relación a este criterio, a xuízo dos técnicos, obterá a máxima puntuación, e as restantes ofertas valoraranse de xeito proporcional, con arranxo á seguinte fórmula:

$$P_n = (P_m \times O_b) / O_n$$

P_n: Puntuación da oferta

P_m: Puntuación máxima posible (25 puntos)

O_b: Importe da oferta máis baixa

O_n: Importe da oferta a puntuar

12.3. Criterios de desempate:

De acordo co establecido na Disposición Adicional Cuarta do TRLCSP, cando unha ou varias proposicións igualem, nos seus termos, á máis vantaxosa dende o punto de vista dos criterios que serven de base para a adxudicación, terán preferencia na adxudicación do contrato as proposicións presentadas por aquelas empresas que acrediten ter na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%.

Si aínda así persistira o empate, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na súa plantilla.

Os licitadores que pretendan contar para a adxudicación coa preferencia regulada nos parágrafos anteriores, deberán aportar ao tempo de presentar a súa proposición, a seguinte documentación:

1. Documento TC2 (relación nominal de traballadores) correspondente a todo o persoal da empresa.
2. Relación de traballadores fixos discapacitados, acompañada da resolución ou certificación acreditativa do grao e vixencia da discapacidade.
3. Contrato de traballo dos traballadores fixos discapacitados.

13. MESA DE CONTRATACIÓN.

De conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda do TRLCSP a Mesa de Contratación estará composta por:

- Presidente: O alcalde José Luis García López
- Vogais: A interventora do Concello, Olga Castro Fernández
O Secretario do Concello, Juan Colmenares Lopez-Soldado
A Concelleira de Facenda, M^a del Carmen Torreiro González

- Secretaria: A técnica de administración xeral do Concello, Marta Pérez Iglesias

14. APERTURA DE DOCUMENTACIÓN E VALORACIÓN DE OFERTAS.

• SOBRE A

A apertura do SOBRE A terá lugar ás 10:00 horas do terceiro día hábil seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación das proposicións. Si coincidise en sábado, trasladarase a apertura ao seguinte día hábil.

O acto de apertura comezará co reconto das proposicións presentadas. A Mesa de Contratación cualificará previamente a documentación xeral (SOBRE A) presentada en tempo e forma polos licitadores, e a secretaria certificará a relación de documentos que figuran en cada un deles. Se a Mesa observase defectos ou omisións subsanables concederá un prazo non superior a tres días hábiles para que o licitador os subsane. De non presentar a documentación requirida dentro do prazo establecido o licitador quedará automaticamente excluído.

A Mesa de contratación, unha vez cualificada a documentación e subsanados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederá á determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección con pronunciamiento expreso sobre os admitidos á licitación, os rexeitados e sobre as causas do seu rexeitamento.

• SOBRE B

A Mesa de Contratación procederá en acto público á apertura da documentación avaliable en función dun xuízo de valor (SOBRE B), presentada polas empresas que fosen admitidas á licitación por ter toda a súa documentación presentada correctamente.

A apertura celebrarase no lugar, día e hora que se sinale no taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante, cunha antelación de cando menos 2 días á súa celebración, e sen que exceda do prazo de 7 días a contar da apertura do SOBRE A.

O secretario dará conta do resultado da cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores no SOBRE A, indicando os licitadores excluídos e as causas da súa exclusión, invitando aos asistentes a formular as observacións e instar as explicacións que estimen pertinentes pero sen que en ningún caso se admitan pola Mesa documentos que non fosen entregados durante o prazo de presentación de ofertas ou de correccións ou subsanacións que se outorgaran segundo o disposto nos presentes pregos.

A continuación, o secretario da mesa procederá á apertura dos sobres B, con exclusión dos correspondentes ás proposicións rexeitadas, que non poderán ser abertos, e darase a coñecer o seu contido.

Concluído o acto público de apertura, a Mesa de Contratación realizará a valoración das ofertas segundo os criterios de adxudicación cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor, podendo solicitar a tales efectos cantos informes técnicos considere precisos.

• SOBRE C

A apertura da documentación avaliable de forma automática por aplicación de fórmulas contida nos SOBRES C, realizarase en acto público no lugar, día e hora que se sinale no taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante, cunha antelación de cando menos, 2 días á súa celebración, e sen que poda superar o prazo dun mes dende a data do remate do prazo de presentación de ofertas.

Previamente a esta apertura darase conta polo secretario das cualificacións outorgadas ás proposicións relativas aos criterios ponderables en función de xuízos de valor.

As empresas que non superen a puntuación mínima de **17,5 puntos** na suma da puntuación correspondente aos criterios ponderables en función de xuízos de valor non continuarán no proceso selectivo, quedando excluídas.

Lerase en voz alta o importe das proposicións económicas e darase a coñecer o contido dos demais criterios avaliábles de forma automática de aquelas proposicións que continúen no proceso selectivo.

Concluído o acto público de apertura, a Mesa de Contratación realizará a valoración das ofertas segundo os criterios de adxudicación cuxa ponderación dependa de criterios avaliábles de forma automática mediante a aplicación de fórmulas, podendo solicitar a tales efectos cantos informes técnicos considere precisos.

Unha vez valoradas as ofertas, a Mesa de Contratación remitirá ao órgano de contratación o acta que incluírá a correspondente proposta de adxudicación na que figurarán ordenadas as ofertas de forma decrecente xunto coa puntuación outorgada a cada una de elas por aplicación dos criterios indicados na cláusula 12, identificando a oferta economicamente mais vantaxosa.

15. OFERTAS CON VALORES ANORMAIS OU DESPROPORCIONADOS.

Cando a mesa de contratación entenda que algunha das proposicións podería ser cualificada como anormal ou desproporcionada, tendo en conta o disposto no artigo 85 do Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, tramitará o procedemento previsto ao efecto no artigo 152.3 do TRLCSP, e á vista do seu resultado proporá ao órgano de contratación a aceptación ou rexeitamento da oferta de que se trate.

16. CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.

O órgano de contratación, á vista da proposta de adxudicación formulada pola Mesa de Contratación, clasificará por orde decrecente as proposicións presentadas e que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais, e posteriormente, requirirá ao licitador que tivese presentado a oferta economicamente mais vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

- a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. O adxudicatario non terá que aportar estas certificacións en caso de ter presentado dentro do SOBRE A a autorización para cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social en procedementos de contratación, debidamente cuberta, conforme ao modelo indicado no **ANEXO IV**. Neste último caso, esta documentación será obtida de forma directa polo órgano de contratación en base á devandita autorización.

(A inexistencia de débedas pendentes co Concello de Arzúa poderá ser comprobada de oficio polo Departamento correspondente, para o cal deberá de cumprimentar o modelo de autorización que figura no **ANEXO V**).

- cando se exerzan actividades suxeitas ao Imposto de Actividades Económicas: orixinal ou copia compulsada da alta no IAE referida ao exercicio corrente, ou do último recibo do devandito imposto, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do mesmo; e no seu caso, declaración responsable de atoparse exento.

- a documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva que fose procedente.
- cando os licitadores tivesen concorrido en Unión Temporal de Empresas, a correspondente escritura de constitución.
- calquera outro documento acreditativo da súa aptitude para contratar ou da efectiva disposición de medios conforme ao artigo 64.2 que lle reclame o órgano de contratación.

De conformidade co disposto no artigo 151.2 parágrafo 3º do TRLCSP, de non presentarse a documentación na forma e prazo establecidos, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a recadar a mesma documentación ao seguinte licitador, pola orde na que tivesen quedado clasificadas as ofertas.

O licitador que non cumprimente o establecido neste apartado dentro do prazo sinalado mediando dolo, culpa ou negligencia poderá ser declarado en prohibición de contratar segundo o previsto no artigo 60.2.d) do TRLCSP.

En todo caso, o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderá recadar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores aporten documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

17. ADXUDICACIÓN.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á data de recepción da documentación á que se refire a cláusula anterior.

A adxudicación do contrato acordarase en resolución motivada, notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil do contratante, debendo indicar na notificación e no perfil do contratante o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme ao disposto no artigo 156.3 da TRLCSP.

A notificación farase por calquera dos medios que permitan deixar constancia da súa recepción polo destinatario. No caso de que a notificación se efectúe por correo electrónico axustarase aos termos establecidos no artigo 151.4 da TRLCSP.

18. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

O contrato formalizarase en documento administrativo dentro dos quince días hábiles seguintes ao de recepción da notificación da adxudicación aos licitadores. Dito documento constitúe título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, sendo ao seu cargo os gastos derivados do seu outorgamento.

Como requisito previo á formalización do contrato, o adxudicatario deberá presentar no Departamento de Secretaría do Concello:

- a documentación xustificativa da existencia e vixencia dun contrato de seguro de responsabilidade civil que cubra todos os danos e prexuízos de calquera índole (persoais ou materiais) que se poidan derivar da execución do contrato, cunha cobertura mínima de 300.000 euros: deberá presentar póliza e recibo de pago vixente, ou ben, certificación

expedida pola entidade aseguradora na que queden acreditados os extremos aos que se refire este apartado.

- a documentación relativa á homologación dos paneis de sinalización

- o documento acreditativo do pago da publicación dos anuncios derivados de expedientes de contratación en boletíns e/ou diarios oficiais, relativo a este contrato, ata un importe máximo de 1.500 euros

Cando os licitadores concorresen en Unión Temporal de Empresas, a escritura de constitución deberá aportarse antes da formalización do contrato.

Cando por causas imputables ao contratista non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, así como a incautación da garantía provisional que no seu caso se constituíse.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, salvo nos supostos de tramitación de emerxencia.

Unha vez formalizado o contrato, comunicarase ao Rexistro Público de Contratos a que se refire o artigo 333 do TRLCSP.

19. PUBLICIDADE DA FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

19.1.- A formalización dos contratos cuxa contía sexa igual ou superior ás cantidades indicadas no artigo 138.3 publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación indicando, como mínimo, os mesmos datos mencionados no anuncio da adxudicación.

19.2.- Cando a contía do contrato sexa igual ou superior a 100.000 euros ou, no caso de contratos de xestión de servizos públicos, cando o orzamento de gastos de primeiro establecemento sexa igual ou superior ao dito importe, ou o seu prazo de duración exceda os cinco anos, deberase publicar, ademais, no «Boletín Oficial del Estado» ou nos respectivos diarios ou boletíns oficiais das comunidades autónomas ou das provincias, un anuncio en que se dea conta da dita formalización, nun prazo non superior a corenta e oito días contados desde a data desta.

20. RESPONSABLE DO CONTRATO.

O órgano de contratación poderá designar unha persoa responsable do contrato conforme se establece no artigo 52 do TRLCSP.

A entidade adxudicataria deberá contar cun responsable da execución do contrato que será o único interlocutor válido ante o responsable designado polo órgano de contratación.

21. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, de conformidade co disposto no artigo 215 de la TRLCSP.

O contratista acomodarse na execución do contrato ás estipulacións contidas no presente prego, así como ás instrucións indicadas polo Concello (a través, no seu caso, do responsable do contrato) que se reserva un dereito de supervisión e inspección. Asemade, non poderá introducir alteracións no contrato ao longo da súa execución, sen autorización previa desta Corporación, quen recibirá puntualmente información de todas as incidencias que ocorran no transcurso do mesmo.

22. ENTREGA , RECEPCIÓN E PRAZO DE GARANTÍA.

22.1.- Entrega: O contratista estará obrigado á entrega e instalación das sinais que constitúen o obxecto deste subministro no prazo de seis (6) meses a contar dende o día seguinte ao de sinatura do contrato. Asemade fará entrega de toda a documentación regulamentaria e técnica orixinal que proceda, incluída a garantía do fabricante das sinais por un prazo mínimo de 10 anos.

A entrega e instalación das sinais realizarase no lugar onde se vaian a ubicar cada unha delas, segundo as instrucións dictadas ao efecto polo responsable do contrato.

No acto de entrega e instalación deberá estar presente un representante do contratista con autoridade suficiente para solventar as posibles incidencias que puideran xurdir.

Os gastos que ocasione a entrega e transporte dos ben obxecto do subministro ao lugar correspondente serán de conta do contratista.

O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados no ben obxecto do subministro antes da súa entrega á Administración, salvo que esta tivese incorrido en mora ao recibilos.

22.2.- Recepción: A recepción esixirá por parte da Administración un acto formal e positivo de conformidade dentro do mes seguinte de terse producido a realización do obxecto do contrato, e efectuarase de acordo co previsto nos artigos 222, 292 e 297 do TRLCSP.

Una vez recibido o obxecto do contrato levantarase a correspondente acta de recepción.

Ao tempo da recepción comprobarase en particular o cumprimento polo contratista das seguintes obrigas:

1ª) O cumprimento non defectuoso do contrato

2ª) O cumprimento dos compromisos asumidos en relación cos criterios de adxudicación

3ª) O cumprimento das condicións de execución, si as houbese

Si o ben subministrado non se atopase en estado de ser recibido farase constar así na acta de recepción e daranse as instrucións precisas ao contratista para que subsane os defectos observados ou proceda a un novo subministro de conformidade co pactado.

Si pese a elo, a prestación efectuada non se adecúa ao contratado, como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a Administración poderá rexeitala, quedando exenta da obriga de pago, e tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.

Cando o acto formal de recepción do ben sexa posterior ao de entrega, a Administración será responsable da custodia do mesmo durante o tempo que medie entre unha e outra.

22.3.- Prazo de garantía:

22.3.1.- O prazo de garantía será dun (1) ano e comezará a computarse a partir da data da recepción.

22.3.2.- De conformidade co artigo 298 do TRLCSP, si durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos bens subministrados, terá dereito a Administración a reclamar do contratista a reposición dos que resulten inadecuados ou a reparación dos mesmos si fose suficiente.

Durante este prazo de garantía terá dereito o contratista a coñecer e ser oído sobre a aplicación dos bens subministrados.

22.3.3.- Se a Administración estimase, durante o prazo de garantía, que os bens non son aptos para o fin pretendido como consecuencia dos vicios ou defectos observados e imputables ao empresario, e exista a presunción de que a reposición ou reparación de dito ben non serán bastantes para lograr aquel fin, poderá, antes de expirar dito prazo, rexeitar os bens deixándoos de conta do contratista e quedando exento da obrigación de pago, ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

22.3.4.- Terminado o prazo de garantía sen que a Administración formalizase reparos ou a denuncia á que se refiren os parágrafos 22.3.2 e 22.3.3, por entender que a execución do contrato axustouse ás condicións establecidas nos pregos, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos ben subministrado.

23. OBRIGAS ESPECÍFICAS DO/A CONTRATISTA.

O adxudicatario será responsable da calidade dos bens que entregue así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros polas omisións, erros u métodos inadecuados na execución do contrato.

O adxudicatario está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo. O prazo de entrega e instalación dos bens obxecto deste contrato será como máximo de seis (6) meses a contar dende o día seguinte ao da sinatura do contrato.

O contratista quedará obrigado a realizar pola súa conta o mantemento da instalación por un prazo mínimo de dous anos. Dita obriga comprende o conxunto de actuacións preventivas e correctivas a desenvolver para o perfecto funcionamento da instalación, correndo pola súa conta todos os compoñentes, repostos, pezas e materiais necesarios para o mesmo, así como os gastos de desprazamento, man de obra e axudas que os labores de mantemento poidan levar consigo.

O adxudicatario virá obrigado a satisfacer todos os gastos que o contratista deba realizar para o cumprimento do contrato (os xerais, financeiros, de seguros, transportes e desprazamentos, materiais, honorarios do persoal ao seu cargo, e toda clase de tributos, o IVE, os impostos que pola realización da actividade puideran corresponder e calesquera outros que puideran derivarse da execución do contrato) sen que polo tanto podan ser estes repercutidos como partida independente.

O adxudicatario será responsable de todos os danos e prexuízos directos e indirectos que se causen tanto á administración como a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Si os danos e prexuízos ocasionados foran consecuencia inmediata e directa dunha orde dada pola Administración, esta será responsable dentro dos límites sinalados nas leis.

O contratista está obrigado ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, de integración social de minusválidos e de prevención de riscos laborais. A dependencia e vínculo de todo o persoal será exclusivamente coa empresa adxudicataria, que asume todas as obrigas derivadas da relación laboral, sen que en ningún caso dita relación laboral pode ser atribuíble ao Concello.

24. PENALIDADES.

Imporanse penalidades ao contratista cando incorra nalgunha das causas previstas a continuación:

- **Por demora.**

Cando o contratista, por causas que lle foran imputables, tivese incorrido en demora, tanto en relación co prazo total como cos prazos parciais establecidos, estarase ao disposto no artigo 212 do TRLCSP en canto á imposición destas penalidades.

- **Por cumprimento defectuoso.** Nos seguintes termos:

- Se ao tempo da recepción, o subministro non se atopa en estado de ser recibido por causas imputables ao contratista.

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do orzamento do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

- En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ao contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

- **Por incumprir os compromisos asumidos en relación cos criterios de adxudicación.** Imporanse ao contratista penalidades por incumprir os compromisos asumidos en relación cos criterios de adxudicación nos seguintes termos:

- Si durante a execución do contrato ou ao tempo da súa recepción, apreciase que, por causas imputables ao contratista, incumpríuse algún ou algúns dos compromisos asumidos na súa oferta.

- Para considerar que o incumprimento afecta a un criterio de adxudicación será preciso que ao descontarse un 25 por 100 da puntuación obtida polo contratista no criterio de adxudicación incumprido, resultara que a súa oferta non tería sido a mellor valorada.

- Como regra xeral, a súa contía será un 1% do orzamento do contrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato si se designase, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante deducción das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, se constituíse, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

25. RÉXIME DE PAGOS.

25.1.- O contratista terá dereito ao abono do prezo do subministro efectivamente entregado e instalado, e formalmente recibido pola Administración.

O pago efectuarase unha vez recibido o obxecto do contrato, expedida a declaración de recepción de conformidade, e previa presentación da correspondente factura, expedida de acordo coa normativa vixente, debidamente conformada pola unidade que reciba o traballo (ou no seu caso, polo responsable do contrato) e aprobada polo órgano competente.

25.2.- A factura deberá de cumprir os requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación, e ademais, os seguintes:

- presentarse ante o Rexistro Xeral do Concello ou ante o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas FACE da Administración Xeral do Estado (segundo corresponda conforme ao disposto no parágrafo seguinte) para a súa posterior remisión ao órgano ou unidade a quen corresponda a tramitación da mesma
- indicar o órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública (Intervención); o órgano de contratación (Xunta de Goberno Local); e o destinatario da factura (Concello de Arzúa);

25.3.- O adxudicatario deberá presentar as súas facturas ante o Rexistro Xeral do Concello ou Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas **FACE** da Administración Xeral do Estado, segundo sexan ou non expedidas por algunha das entidades obrigadas a facturar electrónicamente ás que se refire o artigo 4 da Lei 25/2013, do 17 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público (Sociedades Anónimas, Sociedades de Responsabilidade Limitada, as Unións Temporais de Empresas, Agrupacións de Interese Económico Europeas, Fondo de Pensións, Fondo de capital de risco, Fondos de inversións, Fondo de utilización de activos, Fondo de regularización do mercado hipotecario, Fondo de utilización hipotecaria ou Fondo de garantía de inversións). Estas entidades están exceptuadas de presentación de factura electrónica cando o importe das facturas non exceda da cantidade de 5000 € IVE incluído (previsión recollida nas bases de execución do orzamento municipal do Concello de Arzúa).

As restantes persoas xurídicas e as persoas físicas, aínda que non están obrigadas, tamén poderán presentar as súas facturas en formato electrónico.

25.4.- As facturas que sexan expedidas electrónicamente, e que polo tanto se presenten a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas FACE da Administración Xeral do Estado, deberán consignar os seguintes códigos DIR3:

Órgano xestor: LA0003229 Alcaldía

Unidade tramitadora: LA0003230 Intervención-Tesourería

Oficina contable: LA0003230 Intervención-Tesourería

25.5.- A administración deberá aboar o importe das facturas dentro dos prazos establecidos no artigo 216 apartados 4, 5 e 6 do TRLCSP, tendo en conta aos efectos de aplicación do disposto no devandito apartado 4, o establecido na Disposición Transitoria Sexta do mesmo corpo legal.

25.6.- O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que dita cesión xurda efectos e a Administración expida o mandamento de pago a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique fehacientemente a esta última o acordo de cesión.

26. DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

Unha vez efectuada a recepción do obxecto do subministro e cumprido o prazo de garantía procederase á devolución da garantía prestada, ou á cancelación do aval ou seguro de caución, si non resultaren responsabilidades que houberen de exercitarse sobre a mesma, de conformidade co establecido no artigo 102 do TRLCSP.

27. CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATAÇÃO

Rexerese polo disposto nos artigos 226 a 228 bis do TRLCSP.

27.1.- Cesión

Admitirase a cesión do contrato sempre que as cualidades técnicas ou persoais do cedente non fosen causa determinante da súa adxudicación e se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226.2 do TRLCSP entre os que se encontra a preceptiva, expresa e previa autorización da cesión por parte do órgano de contratación.

Así mesmo, para que a cesión produza efectos fronte á Administración contratante, deberán cumprirse, igualmente, todos os demais requisitos sinalados na citada norma.

27.2.- Subcontratación

O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación, de acordo coas condicións e requisitos establecidos no artigo 227 da TRLCSP.

O contratista poderá subcontratar con terceiros a execución parcial do contrato, sempre que o importe total das partes subcontratadas non supere o 60% do importe de adxudicación do contrato.

Para levar a cabo a subcontratación da execución parcial de prestacións obxecto do contrato principal, o contratista deberá comunicalo por escrito ao órgano de contratación cunha antelación mínima de 5 días hábiles a data en que se iniciase a execución do subcontrato, aportando, ao mesmo tempo a seguinte documentación:

1.- Comunicación do subcontrato a celebrar, subscrita polo contratista e o subcontratista, con indicación das prestacións ou partes do subcontrato a celebrar e o seu importe.

2.- Declaración responsable do subcontratista, formulada ante autoridade administrativa, notario público ou organismo cualificado, de non atoparse inhabilitado para contratar de acordo co ordenamento xurídico nin comprendido nalgún dos supostos do artigo 60 do TRLCSP.

3.- Declaración do contratista de que as prestacións a subcontratar, conxuntamente con outros subcontratos pendentes, se os houbera, non exceden o 60% do importe de adxudicación do contrato principal, con indicación expresa dos importes de cada un dos subcontratos realizados e da porcentaxe que o seu importe actual acumulado representa sobre o orzamento de adxudicación do contrato principal.

4.- Compromiso do contratista do cumprimento do previsto no artigo 227 TRLCSP`

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal, quen asumirá a total responsabilidade na execución do contrato fronte á Administración con suxeición estricta ás cláusulas do presente prego, do de prescricións técnicas, aos termos do contrato e ás condicións establecidas na súa oferta.

28. MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

A modificación do contrato rexeráse polo disposto nos artigos 105 a 108 e 211 do TRLCSP.

29. RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO.

29.1.- A resolución do contrato rexeráse polo establecido con carácter xeral nos artigos 223 a 225 do TRLCSP e especificamente para o contrato de subministro nos artigos 299 e 300 do mesmo corpo legal.

En todo caso, en caso de resolución do contrato por causa imputable ao contratista, estarase ao disposto no artigo 225.4 da TRLCSP.

29.2.- Concluída a vixencia do contrato e cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do mesmo, este considerarase extinguido a todos os efectos.

29. SUSPENSIÓN DO CONTRATO.

Se a administración acordara a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 216 do TRLCSP, levantarase un acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel.

Acordada a suspensión, a administración abonará ao contratista, no seu caso, os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este.

30. PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN.

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do TRLCSP ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezan o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

31. CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

Sen prexuízo das disposicións do TRLCSP relativas á publicidade que debe darse aos candidatos e aos licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ao formular as ofertas, en especial con respecto aos secretos técnicos ou comerciais e aos aspectos confidenciais das mesmas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento.

O/a contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle tivese dado o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal.

De igual modo, responsabilízase de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco da prestación do servizo se levará a cabo de conformidade coas instrucións do órgano de contratación e con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Será así mesmo de aplicación a Disposición Adicional vixésimo sexta da TRLCSP. En caso de

incumplimento do estipulado, a entidade contratante e os técnicos destacados serán responsables das infraccións que se deriven del.

32. RÉXIME DE RECURSOS E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que podan plantexarse durante o desenvolvemento do contrato serán resoltas polo órgano de contratación, previa audiencia do contratista.

Os acordos adoptados para a súa resolución porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto pola Lei reguladora da devandita xurisdicción, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer recurso potestativo de reposición, de conformidade co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como calquera outro recurso que estimen procedente.

33. ANEXOS AO PRESENTE PREGO

ANEXO I. CUADRO RESUMEN CARACTERÍSTICAS CONTRATO

ANEXO II. MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

ANEXO III. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR

ANEXO IV. AUTORIZACIÓN PARA CESIÓN DE INFORMACIÓN

ANEXO V. MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA RECABAR DATOS AO CONCELLO DE ARZÚA DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO CONCELLO DE ARZÚA

ANEXO VI. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES

ANEXO I

CADRO RESUME CARACTERISTICAS DO CONTRATO

Obxecto del contrato: subministro e colocación de sinais de indicación na capitalidade do municipio e de colocación e indicación/orientación en diversas parroquias			
Características técnicas: as recollidas no proxecto			
Tipo de contrato: mixto de subministro e obra			
Suxeito a regulación harmonizada: NON		CPV-2008: 44423400-5	
Procedemento de adxudicación: aberto		Tramitación: ordinaria	
Orzamento de licitación	Base Imponible: 119.475,74 €	IVE (21%): 25.089,91 €	Importe Total: 144.565,65 €
Revisión de prezos: Non procede			
Taxas do contrato: Taxa por constitución de garantía definitiva			
Aplicación orzamentaria: 453.609.00			
Órgano de contratación: Xunta de Goberno Local			
Perfil do contratante: Dirección páxina web: www.concellodearzua.org			
Clasificación: Non se esixe			
Ofertas	Prazo de presentación: quinze días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no último dos boletíns en que apareza (DOGA ou BOP)	Lugar de presentación: no Rexistro Xeral do Concello.	Apertura de ofertas: O terceiro día hábil seguinte a aquel en que remate o prazo de presentación de ofertas.
Garantías	Provisional: Non se esixe	Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE	
Prazo de execución: 6 meses		Prórroga: Non	
Prazo de garantía: 1 ano			
Variantes: Non se admiten			
Forma de pago: O pago efectuarase unha vez recibido o obxecto do contrato, expedida a declaración de recepción de conformidade, e previa presentación da correspondente factura, de acordo coa normativa vixente, debidamente conformada pola unidade que reciba o traballo (ou no seu caso, polo responsable do contrato) e aprobada polo órgano competente.			
Criterios de valoración	<p style="text-align: center;">1. Avaliables mediante xuízos de valor:</p> <p>a) Programa detallado de traballo:.....ata 15 puntos</p> <p>b) Programa detallado de actuación medioambiental:.....ata 10 puntos</p> <p>c) Medios técnicos e materiais adscritos á realización dos traballos....ata 10 puntos</p> <p style="text-align: center;">2. Avaliables de forma automática mediante aplicación de fórmulas:</p> <p>d) Instalación de sinais ofertadas a maiores das especificadas en proxecto.....ata 40 puntos</p> <p>e) Oferta económica:.....ata 25 puntos</p> <p style="text-align: right;">TOTAL 100 PUNTOS</p>		
Outros datos:	- TELÉFONO DE INFORMACION: 981.500.000 - LUGAR onde se poden obter copias dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas: Dirección páxina web do Concello: www.concellodearzua.org		

ANEXO II

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

DON/DONA.....
con domicilio enCP.....,
provisto de D.N.I. nº..... expedido en, en data
..... en nome propio ou en representación de
....., NIF nº, (a
representación da cal acredita coa escritura de poder que bastanteada en forma
acompaña), sabedor da licitación por (invitación, prensa, publicación oficial -póñase data
do documento en cuestión-) e das condicións e requisitos que
se esixen para concorrer á licitación e adxudicación do contrato de
.....

DECLARA:

1º.- Que coñece o prego de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas que lle
serven de base á convocatoria do citado contrato, e que os acepta incondicionalmente na
totalidade do seu contido.

2º.- Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa
Administración e que se compromete en nome
(propio ou da empresa a que representa) a cumprir o contrato con estricta suxeición aos
documentos citados de acordo coa seguinte oferta económica:

1	Prezo sen IVE	euros	€
2	Imposto sobre o Valor Engadido (21% IVE)	euros	€
3	Total (1+2)	euros	€

(Deberá expresarse claramente en letra e número, e comprenderá os dous anos de
duración do contrato)

3º.- Así mesmo, comprométese ao cumprimento das disposicións vixentes en materia
laboral, de Seguridade Social e de seguridade e saúde no traballo.

Lugar, data e sinatura.

ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN DE CONTRATAR

DON/DONA.....
con DNI..... teléfono.....
e domicilio na rúa.....
nº..... piso.....C.P.....provincia.....
en nome propio ou representación da empresa.....
con NIF..... teléfono.....
sendo PROPOSTA COMO ADXUDICATARIA DO CONTRATO de.....
.....

DECLARA: que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incursos en prohibicións de contratar coa administración establecidas no art. 60 do TRLCSP.

Lugar, data e sinatura do proponente.

ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

ANEXO IV

AUTORIZACIÓN PARA CESIÓN DE INFORMACIÓN

DON/DONA.....
con D.N.I..... teléfono
e domicilio na rúa
nº.....piso.....C.P.....provincia.....
en nome propio eu representación da empresa.....
con NIF..... teléfono
á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de
.....

AUTORIZA á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de Contratación o estime oportuno.

Lugar, data e sinatura do proponente.

ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

ANEXO V

AUTORIZACIÓN PARA RECABAR DATOS DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO CONCELLO DE ARZÚA

DON/DONA.....
con D.N.I..... teléfono
e domicilio na rúa
nº.....piso.....C.P.....provincia.....
en nome propio eu representación da empresa.....
con NIF..... teléfono
á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de
.....

AUTORIZA autoriza ao Concello de Arzúa a obter da Base de datos de Xestión Tributaria e de Recadación da Deputación Provincial os datos relativos ao cumprimento das súas obrigas tributarias e da súa situación de débedas con dito Concello.

Lugar, data e sinatura do proponente.

ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA

ANEXO VI

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES

D./D.^a con DNI n.º:,
en nome propio o en representación da empresa
....., con C.I.F.:.....,
inscrita no Rexistro de Licitadores de, co n.º
..... ao obxecto de participar na contratación denominada
.....
baixo a súa responsabilidade persoal

DECLARA:

- A) Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores no teñen sufrido alteración en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden co certificado del Rexistro.
- B) Que dos datos desta empresa anotados no Rexistro de Licitadores teñen sufrido variación os que a continuación se indican, segundo se acredita mediante os documentos que se axuntan, manténdose os demais datos sen ningunha alteración respecto do contido do Certificado do Rexistro.

Datos que teñen sufrido variación:

Documentación xustificativa que se adxunta:

Lugar, data e sinatura.

ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARZÚA